

Ola a todos e todas!!

Imos adiante!

Unha semana máis... unha semana menos!!

ÁNIMO!!

LINGUA

LECTURA

Todos os rapaces e rapazas que teñades un avó como o meu podedes estar ledas coa vosa sorte, pois conque vos queira só a metade do que me quere a min, xa é unha barbaridade. Chámome Anxélica e vivo con el en Vigo, nunha casa con horta, onde podo respirar un aire puro e limpo. Meus pais e mais a miña única irmá, Marta, residen na Coruña. O porque de non estar eu con eles é algo que saberedes ao seu tempo.

Conto cun amigo de lei e cunha inimiga declarada. Son distintos como a cara e a cruz dunha moeda. Chámanse Xurxo e Rita. Somos compañeiros de clase. Coñeceredes as súas inquedanzas por eles mesmos.

Xa postos, vouvos falar das miñas afeccións. Gústame o atletismo, aínda que agora non podo correr porque rompín a cadeira xogando un partido de balonmán. Vaia faena! Tamén escribo poemas; sérvenme de relax despois do exercicio físico que fago.

No colexio vou pasar para sexto de Primaria e, como podedes supoñer, a miña materia favorita é a ximnasia. Se tedes interese en saber máis cousas de min, atoparedes unha chea delas nos apuntamentos do meu caderno azul.

O caderno azul foi un agasallo do avó David. Nas súas páxinas escribo cun lapis de mina vermella. Para pechalo, pónolle ao redor dúas cintas do pelo, e dentro anoto moreas de pensamentos, desexos, andanzas e segredos. Supoño que chegou o momento de compartilo convosco. Empeza así:

Querido caderno azul:

vou bordar nas túas follas

soños e lembranzas,

páxinas de alegrías

mesturadas de inquedanzas,

camiños descoñecidos

que conducen á esperanza.

An Alfaya: *O caderno azul*, Edicións Xerais.

- Busca no parágrafo indicado un sinónimo de cada palabra:

Parágrafo 1: alegres viven a causa

Parágrafo 2: auténtico diferentes inquietudes

Parágrafo 3: intereses descanso a diario

Parágrafo 5: regalo montóns vivencias

Poema: recordos acompañadas preocupacións

- Agrupa eses sinónimos de tres en tres como ti queiras. Con cada trío, constrúe unha oración bonita e con sentido. Loxicamente deberán saírche cinco oracións.
- Imos cos antónimos agora. Cales serían os das seguintes palabras? **alegre, diferente, acompañado, lembrado, alegría, compañía, verdade, escuro, escuridade.** (Lembra que o sinónimo ou antónimo dun nome, debe ser outro nome e os dun adxectivo, deben ser adxectivos).
- Anxélica nomea a dous compañeiros de clase por diferentes motivos. De Xurxo di que é "ouro de lei". Seguramente ti tamén tes algúns compañeiros ou compañeiras aos que botas ben en falta, que che parecen ouro de lei. Ao mellor ves a algún desde a ventá ou durante unha saída. Pero aínda ten que ser de lonxe ou de xeito virtual. Imaxina o momento do reencontro auténtico. Cóntao como se xa tivera sucedido.

LENGUA

Laboratorio de escritura.

Volvemos a la lectura *Un hombrecito vestido de gris*. Ahora vamos a los primeros párrafos, desde el comienzo hasta ese de una sola frase que dice "Todos los días igual". Lee de nuevo ese fragmento.

¿Ya? Bien. Ahí nos describe al hombrecito y nos cuenta cómo comenzaban todos sus días. Tú sabes que el gris es el color del aburrimiento, la monotonía, la tristeza... Pero ¿y el rojo? ¿qué crees tú que representa el rojo? Piensa en tres o cuatro cosas que tú asociarías con el color rojo.

¡Vamos a reescribir ese párrafo! Lo vamos a titular "La mujercita vestida de rojo". Imita las frases del autor para hacerlo. Cópiaselas, cambiando lo necesario!! El comienzo será: "Había una vez una mujercita..." y el final será: "Todos los días..." ¡Seguro que tu texto hablará de alguien muy diferente! Y, por supuesto, puedes acompañarlo del dibujo de tu personaje.

Refrescamos la memoria: Los adjetivos.

En [este enlace](#) encontrarás una explicación sobre los adjetivos y en la parte lateral, unas actividades para practicar. Esta semana puedes hacer las siguientes: 8,10,11,14,17.

Las demás las dejamos para otra semana. Ya sabes: lee, copia enunciados, resuelve y luego puedes comprobar en pantalla aquellas que son de respuesta cerrada.

MATEMÁTICAS

Nesta semana seguiremos repasando as divisións pero damos un pasiño máis. O divisor de 3 cifras. Fainas no caderno e tamén realiza a proba, e ti mesmo saberás se as fixeches correctamente.

$$24752 : 32$$

$$8064 : 32$$

$$7005 : 52$$

$$1245 : 64$$

$$5428 : 236$$

$$46556 : 412$$

$$12810 : 305$$

$$92134 : 627$$

Seguimos cuns problemas. Lembra que tes que lelos con atención, varias veces. Fixate nos datos, e o que pregunta.

- Una empresa de transportes adquiere 5 furgonetas a 12.862 € cada una y tres camiones iguales. En total, la factura asciende a 222.077 €. ¿Cuánto ha pagado por cada camión?

- Marta se ha comprado un coche por 14.600 €. Primero pagó 2.000 € y el resto lo pagará en 14 mensualidades iguales. ¿Cuánto paga en cada mensualidad?
- El colegio de Ana tiene 4 pisos. En cada piso hay 12 aulas con 30 pupitres cada una. ¿Cuántos pupitres hay en el colegio?
- El profesor de educación física se ha gastado 495 € en una tienda de deportes. Ha comprado 15 raquetas a 23 € cada una y 30 botes de pelotas. ¿Cuánto ha pagado por cada bote?

Ademais, comezamos a repasar as fraccións. Pasiño a pasiño tamén. Neste [enlace](#) explícache que é unha fracción. Ademais podes comprobar que as utilizamos para explicar moitos aspectos da nosa vida cotiá. Le atentamente.

Despois realiza as [actividades](#) 1,2 3 e 4 .

Tamén as [actividades](#) 6,7,9 e 10.

SOCIAIS

Nestes días imos rematando cos mapas, de acordo? Dámoslles un repasiño a todos. A próxima semana... cambiamos totalmente de tema!!

VALORES

Xa sabemos que estades moi atarefados facendo cousas do cole de lingua, de mates, de inglés... hoxe mándamos unha proposta diferente para os nenos e nenas de valores.

Trátase de ver un pequeno vídeo que se titula “ El alfarero”. Nel podemos ver moitos dos valores que vós tedes, e ao mellor podedes poñer en práctica nestes momentos.

Como sempre, vémolos unha, dúas, ou tres veces, e a partires de aí, facede un pequeno resumo na vosa cabeza e escribídeo explicando o que vos pareceu. Ou se queredes un debuxo.

Para darvos unha pista fixédevos no esforzo, na perseveranza, non renderse á primeira...

Hai moitos máis valores que se poden distinguir pero queremos que usedes a vosa mente para descubrilas. Atrévete a citar algún máis?

Seguro que se che ocorren boas ideas.

Lembrade que os de 5ºB teñen que mandarlle as propostas a Paz, que é a súa profe de valores. Os nenos e nenas de 5º A a Inma.

E se alguén máis se anima... fenomenal! Moitos ánimos e forza!

<https://www.youtube.com/watch?v=mrtE25ITdSq&feature=youtu.be>

<https://youtu.be/mrtE25ITdSq>

